



Código Ético

Índice

1. Obxecto	04
2. Ámbito de aplicación	05
3. Principios reitores da conduta en Gas Natural Fenosa	06
4. Pautas de conduta	07
5. Aceptación e cumprimento do Código	22
6. Comisión do Código Ético	24
7. Vixencia	25
Anexo	26

1.

Obxecto

O Código Ético do grupo Gas Natural ten como finalidade establecer as pautas que deben presidir o comportamento ético de todos os seus administradores e empregados no seu desempeño diario, no que respecta ás relacións e interaccións que mantén con todos os seus grupos de interese. Estes son os propios empregados, os clientes, os provedores e colaboradores externos, os accionistas, as institucións públicas e privadas e a sociedade en xeral.

Este Código Ético baséase na definición da Misión, Visión, Valores e Principios de Gas Natural Fenosa, á que complementa, e constitúe unha guía de actuación para asegurar un comportamento axeitado no desempeño profesional dos seus empregados, de acordo tanto coas leis de cada un dos países onde

Gas Natural Fenosa desenvolve as súas actividades como co Sistema normativo establecido, respectando os valores das súas respectivas culturas.

O Código Ético de Gas Natural Fenosa reflexa o principio de dilixencia debida aplicado por Gas Natural Fenosa para a prevención, detección e erradicación de irregularidades relacionadas con incumprimentos do Código e das Normas internas establecidas, incluíndo aquelas que fan referencia a ilícitos penais. A compañía entende que a dilixencia nestas materias require, entre outros, deseñar e implantar modelos de control que analicen regularmente os riscos nos asuntos contemplados neste Código, aseguren o coñecemento das normas na organización, definan responsabilidades e establezan procedementos que permitan a notificación confidencial de irregularidades así como a súa resolución. A compañía entende que os procedementos que ten implantados, incluíndo o Modelo de Prevención Penal, permítenlle dar resposta aos elementos anteriores.

2. Ámbito de aplicación

O Código Ético de Gas Natural Fenosa vai dirixido aos seus administradores, directivos e en xeral a todo o persoal de Gas Natural Fenosa (en adiante, o Código refírese a todos eles como empregados), con independencia da posición que ocupen ou do lugar no que desempeñen o seu traballo.

As pautas de conduta contidas neste Código son de obrigado cumprimento e afectan a todas as empresas participadas nas que Gas Natural Fenosa teña o control da xestión.

Por outra banda, o grupo promoverá e incentivará entre os seus provedores e empresas colaboradoras a adopción de pautas de comportamento consistentes coas que se definen neste Código Ético.

Cando as circunstancias así o aconsellen, a compañía poderá solicitarlles aos seus provedores, empresas colaboradoras e contrapartes que formalicen o seu compromiso co cumprimento do Código ou coas pautas que establece. Do mesmo xeito, a aplicación do Código poderá facerse extensiva a calquera persoa ou organización vinculada con Gas Natural Fenosa cando a compañía o entenda conveniente e a natureza da relación o faga posible.

O Consello de Administración e o Primeiro Nivel de Dirección do grupo Gas Natural poñerán todos os medios que estean ao seu alcance para difundir a Misión, Visión, Valores e Principios de Gas Natural Fenosa, e facer cumprir as pautas de conduta contidas neste Código. Así mesmo, serán modelo de referencia no seu comportamento e nivel de cumprimento do Código.

Os criterios de conduta recollidos neste Código non pretenden contemplar a totalidade de situacións ou circunstancias coas que os empregados de Gas Natural Fenosa se poden atopar, senón establecer unhas pautas xerais de conduta que os orienten na súa forma de actuar durante o desempeño da súa actividade profesional.

3.

Principios reitores da conduta en Gas Natural Fenosa

Gas Natural Fenosa considera que a confianza dos seus accionistas, clientes, provedores e colaboradores externos, así como do medio social no que se desenvolve a súa actividade, fundaméntase na integridade e responsabilidade no desempeño profesional de cada un dos seus empregados.

A integridade enténdese como a actuación ética, honrada e de boa fe.

A responsabilidade profesional enténdese como a actuación proactiva, eficiente e enfocada á excelencia, a calidade e a vontade de servizo.

Gas Natural Fenosa espera de todos os seus empregados un comportamento íntegro e responsable no desempeño das súas funcións.

Así mesmo, Gas Natural Fenosa espera tamén que os seus provedores e colaboradores externos manteñan un comportamento acorde con estes principios.

Todos os empregados de Gas Natural Fenosa poden consultar calquera dúbida sobre a interpretación das pautas de conduta que aparecen neste Código e deberán informar, de boa fe e sen temor a represalias, calquera incumprimento das pautas do Código que observen no seu desempeño profesional, ao seu superior xerárquico ou á Comisión do Código Ético a través do correo electrónico codigoetico@gasnaturalfenosa.com ou correo interno.

As comunicacións realizadas á Comisión do Código Ético trátaranse de forma confidencial e de acordo co establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos.

4.

Pautas de conduta

O Código Ético determina pautas específicas de actuación nas seguintes áreas de contidos:

- 4.1. Respecto á legalidade, aos dereitos humanos e aos valores éticos.
- 4.2. Respecto ás persoas.
- 4.3. Desenvolvemento profesional e igualdade de oportunidades.
- 4.4. Cooperación e dedicación.
- 4.5. Seguridade e saúde no traballo.
- 4.6. Uso e protección dos activos.
- 4.7. Corrupción e suborno.
- 4.8. Pagamentos irregulares e branqueo de capitais.
- 4.9. Imaxe e reputación corporativa.
- 4.10. Lealdade á empresa e conflitos de intereses.
- 4.11. Tratamento da información e do coñecemento.
- 4.12. Relacións cos clientes.
- 4.13. Relacións cos accionistas.
- 4.14. Relacións con empresas colaboradoras e provedores.
- 4.15. Respecto ao ambiente.

4.1.

Respecto á legalidade, aos dereitos humanos e aos valores éticos

Gas Natural Fenosa asume o compromiso de actuar en todo momento de acordo coa lexislación vixente, co Sistema Normativo interno establecido coas prácticas éticas internacionalmente aceptadas, con total respecto cara aos dereitos humanos e as liberdades públicas.

As actividades e operacións de Gas Natural Fenosa desenvólvense consonte a súa declaración de Misión, Visión, Valores e Principios e á súa adhesión ao Pacto Mundial de Nacións Unidas (Anexo), cuxo obxectivo é a adopción de principios universais nos ámbitos dos dereitos humanos, normas laborais e ambiente.

Son referentes na actuación ética de Gas Natural Fenosa, a Declaración Universal de Dereitos Humanos, a Declaración Tripartita da Organización Internacional de Traballo (OIT), as Liñas Directivas para Empresas Multinacionais da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE)

e os instrumentos normativos aos que se adhire na súa Política de Dereitos Humanos, en especial os Principios Reitores de Nacións Unidas sobre Empresas e Dereitos Humanos.

En particular, Gas Natural Fenosa respecta a liberdade de asociación e negociación colectiva. Así mesmo, reconece os dereitos das minorías étnicas nos países onde desenvolve as súas operacións, rexeitando o traballo infantil e, en xeral, calquera forma de explotación, sendo dilixente no cumprimento dos principios establecidos na Normativa comentada con anterioridade.

Todos os empregados do grupo deben cumprir as leis vixentes nos países onde desenvolven a súa actividade, atendendo ao espírito e á finalidade das mesmas, e observando en todas as súas actuacións un comportamento ético.

Así mesmo, deben evitar calquera conduta que, aínda sen violar a lei, poida prexudicar a reputación do grupo ante a comunidade, o goberno do país ou outros organismos, e afectar de forma negativa aos seus intereses.

Os empregados de Gas Natural Fenosa deben actuar con honradez e integridade en todos os seus contactos ou transaccións coas autoridades e funcionarios dos diferentes gobernos e administracións, asegurando que toda a información e certificacións que presenten, así como as declaracións que realicen, sexan veraces.

Todos os empregados deben coñecer as leis que afecten ao seu traballo, solicitando, no seu caso a información precisa a través do seu superior ou das instancias que correspondan.

Ningún empregado colaborará conscientemente con terceiros na violación de ningunha lei, nin participará en ningunha actuación que comprometa o respecto ao principio de legalidade.

Pola súa banda, a compañía poñerá os medios necesarios para que os seus empregados coñezan, en cada momento, a normativa externa e interna relevante para as funcións que desempeñen, e establecerá os modelos de control interno necesarios que aseguren o cumprimento da legalidade e valores éticos.

Ante calquera situación de falta de respecto á legalidade, dereitos humanos ou valores éticos, os empregados deberán informar á empresa a través do seu superior xerárquico ou á Comisión do Código Ético.

4.2.

Respecto ás persoas

Gas Natural Fenosa rexeita calquera manifestación de acoso físico, psicolóxico, moral ou de abuso de autoridade, así como calquera outra conduta que poida xerar un ambiente intimidatorio ou ofensivo cos dereitos das persoas.

Os empregados de Gas Natural Fenosa deben tratarse con respecto, propiciando unhas relacións cordiais e un ambiente de traballo agradable, saudable e seguro.

Todos os empregados teñen a obriga de tratar de forma xusta e respectuosa aos seus compañeiros, aos seus superiores e aos seus subordinados. Do mesmo xeito, as relacións entre os empregados do grupo e os das empresas ou entidades colaboradoras externas estarán baseadas no respecto profesional e a colaboración mutua.

Gas Natural Fenosa considera importante o desenvolvemento integral da persoa, polo que facilitará o necesario equilibrio entre a vida profesional e a vida persoal.

4.3.

Desenvolvemento profesional e igualdade de oportunidades

Gas Natural Fenosa promove o desenvolvemento profesional e persoal de todos os seus empregados, asegurando a igualdade de oportunidades a través das súas políticas de actuación.

Non acepta ningún tipo de discriminación no ámbito laboral ou profesional por motivos de idade, raza, cor, sexo, relixión, opinión política, ascendencia nacional, orixe social ou discapacidade.

Ademais, Gas Natural Fenosa apoia e comprométese na aplicación das políticas públicas establecidas para promover unha maior igualdade de oportunidades e para o fomento dunha cultura corporativa baseada no mérito.

A selección e promoción dos empregados de Gas Natural Fenosa fundaméntase nas competencias e no desempeño das funcións profesionais, e nos criterios de mérito e capacidade definidos nos requisitos do posto de traballo.

Todos os empregados deben participar de maneira activa nos plans de formación que o grupo pon á súa disposición, implicándose no seu propio desenvolvemento e comprometéndose a manter actualizados os coñecementos e as competencias necesarias, coa finalidade de propiciar o seu progreso profesional e achegarlles valor aos clientes, aos accionistas do grupo e á sociedade en xeral.

As persoas que exercen cargos de dirección ou de mando deben actuar como facilitadores do desenvolvemento profesional dos seus colaboradores, de xeito que se propicie o seu crecemento profesional na empresa.

4.4.

Cooperación e dedicación

Gas Natural Fenosa propicia un medio de cooperación e traballo en equipo para un mellor aproveitamento de todas as capacidades e recursos.

Todos os empregados do grupo deben actuar con espírito de colaboración, poñendo a disposición das demais unidades organizativas e persoas que integran o grupo os coñecementos ou recursos que poidan facilitar a consecución dos obxectivos e intereses do grupo. Non obstante, esta obriga non contravirá as limitacións legais de separación de actividades relativas á participación en estruturas organizativas alleas e a facilitación de información comercialmente sensible recollidas na lexislación. Así mesmo, cando a lexislación así o establece, promoverase que os responsables da xestión cotiá de determinadas actividades teñan capacidade de decisión efectiva sobre as mesmas, sen prexuízo da axeitada supervisión por parte do grupo.

Os empregados deben traballar de forma eficiente durante a xornada laboral, rendibilizar o tempo e os recursos que a empresa pon á súa disposición, e tratar de achegar o máximo valor en todos os procesos nos que participan.

4.5.

Seguridade e saúde no traballo

Gas Natural Fenosa impulsa a adopción de políticas de seguridade e saúde no traballo e adopta as medidas preventivas establecidas na lexislación vixente de cada país, e vela en todo momento polo cumprimento normativo nesta materia.

Así mesmo, procura e incentiva a aplicación das súas normas e políticas de saúde e seguridade no traballo por parte das empresas colaboradoras e provedores cos que opera.

Gas Natural Fenosa considera que a seguridade é unha responsabilidade individual e unha condición de emprego, motivo polo que non permitirá comportamentos inseguros que lles poidan provocar danos graves ás persoas e/ou instalacións.

Co obxecto de evitar estes comportamentos inseguros, existen unha serie de liñas vermellas que non se deben traspasar, por parte dos empregados do grupo, e que son as que se indican a continuación:

- Ocultar accidentes de traballo ou incidentes moi graves, nin inducir a terceiras persoas a facelo, ocasionados na execución de actividades por conta da compañía, tanto por persoal propio, como calquera colaborador externo que preste servizos.
- Falsificar rexistros de seguridade.
- Ordenar incumprimentos de normas de seguridade.

Todos os empregados do grupo deben coñecer e cumprir as normas de protección da saúde e seguridade no traballo e velar pola seguridade propia, a doutros empregados, clientes, provedores, colaboradores e, en xeral, a de todas as persoas que puidesen verse afectadas polo desempeño das súas actividades.

Pola súa parte, Gas Natural Fenosa dotará os seus empregados dos recursos e do coñecemento necesario para que poidan desempeñar as súas funcións con seguridade e nun ambiente saudable.

4.6.

Uso e protección dos activos

Gas Natural Fenosa pon a disposición dos seus empregados os recursos necesarios para o desempeño da súa actividade profesional, e comprométese a facilitar os medios para a protección e salvagarda dos mesmos.

Todos os empregados deben utilizar os recursos da empresa de forma responsable, eficiente e apropiada no ámbito da súa actividade profesional. Deben, así mesmo, protexelos e preservalos de calquera uso inadecuado do que se puidesen derivar prexuízos para os intereses da empresa.

A compañía non permite o uso dos equipos que pon a disposición dos seus empregados para utilizar programas ou aplicacións informáticas cuxa utilización sexa ilegal, que poidan danar a súa imaxe ou reputación ou para acceder, descargar ou distribuír contidos ilegais ou ofensivos.

No que respecta ao persoal interno e externo de seguridade patrimonial de Gas Natural Fenosa, en todos os países contemplan como referencia os Principios Voluntarios en Seguridade e Dereitos Humanos.

4.7.

Corrupción e suborno

A corrupción e o suborno aparecen cando os empregados fan uso de prácticas non éticas para a obtención dalgún beneficio para a compañía ou para eles mesmos. A corrupción e o suborno son unha das categorías de fraude.

Gas Natural Fenosa dispón dunha Política Anticorrupción na que se definen os principios a seguir co fin de previr este tipo de riscos.

Os empregados de Gas Natural Fenosa, na súa relación con terceiros e, en particular, con autoridades e institucións públicas dos distintos países onde desenvolve a súa actividade, actuarán dun xeito acorde coa Política Anticorrupción do grupo e as disposicións nacionais e internacionais para a prevención da corrupción e o suborno, entre as que se atopan as disposicións do Código Penal español e dos países onde Gas Natural Fenosa opera e as Liñas Directrices para Empresas Multinacionais da OCDE.

Gas Natural Fenosa declárase contrario a influír sobre a vontade de persoas alleas á compañía para obter algún beneficio mediante o uso de prácticas non éticas. Tampouco permitirá que outras persoas ou entidades poidan utilizar esas prácticas cos seus empregados.

Os empregados do grupo non poderán aceptar nin directa nin indirectamente agasallos ou compensacións de ningún tipo que teñan por obxecto influír de maneira impropia nas súas relacións comerciais, profesionais ou administrativas, tanto con entidades públicas coma privadas.

Así mesmo, os empregados non poderán facer, nin directa nin indirectamente, pagamentos, agasallos ou compensacións de calquera tipo que non se consideren propios do curso normal dos negocios, para tratar de influír de maneira impropia nas súas relacións comerciais, profesionais ou administrativas, tanto con entidades públicas coma privadas.

Aqueles terceiros aos que Gas Natural Fenosa poida recorrer para o desenvolvemento comercial da compañía deberán asumir, nas súas relacións con entidades privadas e públicas, compromisos similares aos que se recollen neste Código.

Adicionalmente, os empregados no desenvolvemento das súas funcións profesionais velarán polo cumprimento do control interno establecido para evitar irregularidades e vantaxes indebidas na relación da compañía con terceiros.

4.8.

Pagamentos irregulares e branqueo de capitais

Gas Natural Fenosa establece políticas para previr e evitar no transcurso das súas operacións a realización de pagamentos irregulares ou branqueo de capitais con orixe en actividades ilícitas ou delitivas.

As citadas políticas establecen controis específicos sobre aquelas transaccións económicas, tanto cobramentos coma pagamentos, de natureza ou importe inusual realizados en efectivo ou con cheques ao portador, así como sobre todos aqueles pagamentos realizados a entidades con contas bancarias abertas en paraísos fiscais, identificando en todos os casos a titularidade das mesmas.

Os empregados de Gas Natural Fenosa permanecerán en alerta fronte a aqueles casos nos que puidesen existir indicios de falta de integridade das persoas ou entidades coas que o grupo mantén relacións.

Por último, os empregados de Gas Natural Fenosa revisarán con especial atención os pagamentos extraordinarios, non previstos nos acordos ou contratos correspondentes.

4.9.

Imaxe e reputación corporativa

Gas Natural Fenosa considera que un dos elementos básicos que contribúen á súa imaxe e reputación corporativa é o establecemento de relacións de cidadanía responsable naquelas comunidades nas que desenvolve a súa actividade.

Todos os empregados no exercicio da súa actividade deben considerar os intereses das comunidades locais.

O grupo considera a súa imaxe e reputación corporativa como un dos seus activos máis valiosos para preservar a confianza dos seus accionistas, clientes, empregados, provedores, autoridades, e a da sociedade en xeral.

Todos os empregados deben poñer o máximo coidado en preservar a imaxe e reputación da compañía en todas as súas actuacións profesionais.

Igualmente, vivirán o respecto e uso correcto e adecuado da imaxe e reputación corporativa por parte dos empregados de empresas contratistas e colaboradoras.

Os empregados teñen que ser especialmente coidadosos en calquera intervención pública, debendo contar coa autorización necesaria para intervenir ante os medios de comunicación, participar en xornadas profesionais ou seminarios e en calquera outro evento que poida ter unha difusión pública (incluídos os comentarios en redes sociais), sempre que aparezan como empregados de Gas Natural Fenosa.

Gas Natural Fenosa non financia os partidos políticos nin os seus representantes ou candidatos naqueles países onde desenvolve as súas actividades.

A vinculación ou colaboración dos empregados con partidos políticos realizarase a título persoal e será allea totalmente ás actividades da compañía.

A compañía aplicará a debida dilixencia para asegurar a respetabilidade das organizacións e as causas ás que está a apoiar, cumprindo coa normativa interna establecida, que inclúe o proceso de Due Dilligence de contraparte, o cal analiza, entre outros, o risco reputacional. Regularmente, a compañía fará público os nomes das principais organizacións ás que apoia a través das súas actividades sociais.

4.10.

Lealdade á empresa e conflitos de intereses

Os conflitos de interese aparecen naquelas circunstancias onde os intereses persoais dos empregados, de forma directa ou indirecta, son contrarios ou entran en colisión cos intereses da compañía, interfieren no cumprimento recto dos seus

deberes e responsabilidades profesionais ou os involucran a título persoal nalgunha transacción ou operación económica da compañía.

Gas Natural Fenosa considera que a relación cos seus empregados debe basearse na lealdade que nace duns intereses comúns.

Neste sentido, respecta a participación dos seus empregados noutras actividades financeiras ou empresariais sempre que sexan legais e non entren en concorrencia desleal ou colisión coas súas responsabilidades como empregados de Gas Natural Fenosa. Nesta liña, os empregados terán que aterse ás limitacións á participación en empresas establecidas na lexislación que lles sexa aplicable. Os empregados deberán informar á empresa no caso de que eles ou os seus familiares próximos participen ou vaian participar nos órganos de goberno doutras sociedades que poidan entrar en colisión cos intereses de Gas Natural Fenosa.

Durante o desempeño das súas responsabilidades profesionais, os empregados deben actuar con lealdade e atendendo á defensa dos intereses do grupo. Así mesmo, deben evitar situacións que poidan dar lugar a un conflito entre os intereses persoais e os da empresa.

Por isto, os empregados de Gas Natural Fenosa deben absterse de representar á empresa e intervir ou influír na toma de decisións en calquera situación na que directa ou indirectamente teñan un interese persoal.

4.11.

Tratamento da información e do coñecemento

Gas Natural Fenosa considera a información e o coñecemento como un dos seus activos principais e imprescindibles para a xestión empresarial, polo que deben ser obxecto dunha especial protección.

Declara a veracidade da información como principio básico en todas as súas actuacións, polo que os empregados deben transmitir de

forma veraz toda a información que teñan que comunicar, tanto interna como externamente, e en ningún caso proporcionarán, a sabendas, información incorrecta ou inexacta que poida inducir a erro a quen a recibe.

Todos os empregados que introduzan calquera tipo de información nos sistemas informáticos do grupo, deben velar porque esta sexa rigorosa e fiable.

En particular, todas as transaccións económicas do grupo deberán ser reflectidas con claridade e precisión nos rexistros correspondentes, a través das correspondentes Contas Contables así como todas as operacións realizadas e todos os ingresos e gastos incorridos.

Os empregados de Gas Natural Fenosa absteranse de calquera práctica que contraveña o compromiso de reflectir con claridade e precisión todas as transaccións económicas nas Contas do grupo.

Todos os empregados do grupo deben gardar a máis estrita confidencialidade sobre toda aquela información reservada á que accedan como consecuencia do desempeño da súa actividade profesional.

Os empregados que dispoñan de información reservada sobre a empresa, ou sobre aspectos importantes da estratexia política, plans ou activos da compañía, deberán preservala para que non poida ser utilizada de forma inadecuada e absterse de utilizala indebidamente en beneficio propio ou de terceiros.

As condutas e actuacións relacionadas cos Mercados de Valores, están recollidas no “Código Interno de Conduta en materias relativas aos Mercados de Valores;” aprobado polo Consello de Administración.

Ante calquera dúbida sobre o carácter da información os empregados deben considerala como reservada mentres non se lles indique o contrario.

Gas Natural Fenosa promove que a información e coñecemento que se xera na empresa flúa adecuadamente entre todos os seus empregados e unidades organizativas, para facilitar a xestión das actividades e potenciar o desenvolvemento das persoas.

Toda a información e o coñecemento, entendido como resultado conceptual da integración de información diversa, que se xere no ámbito da empresa, é propiedade do grupo nos termos referidos na lexislación vixente.

Os empregados teñen o deber de preservar o coñecemento da empresa facilitando a súa difusión a outros empregados do grupo, e poñéndoo a disposición dos sistemas de xestión do coñecemento que se habiliten dentro da compañía.

Os empregados deben garantir que non comparten a información comercialmente sensible entre empresas do grupo cando así se estableza na lexislación vixente.

Gas Natural Fenosa cumpre a lexislación vixente en cada un dos países en materia de protección de datos, respectando o dereito á intimidade e protexendo os datos persoais confiados polos seus clientes, empregados, provedores e colaboradores externos, candidatos en procesos de selección ou outras persoas.

Os empregados de Gas Natural Fenosa protexen a propiedade intelectual do grupo e allea que inclúe, entre outros, dereitos de patentes, marcas, nomes de dominios, dereitos de reprodución (ata os dereitos de reprodución de software), dereitos de deseños, de extracción de bases de datos ou sobre coñecementos técnicos especializados. Na súa relación con terceiros, os empregados seguirán escrupulosamente as normas e procedementos nesta materia para evitar infrinxir os dereitos de terceiros.

4.12.

Relacións cos clientes

Gas Natural Fenosa asume, lidera e impulsa o compromiso coa calidade, facilitando os recursos necesarios para acadar a excelencia e establecendo as medidas apropiadas para asegurar que a política de calidade sexa practicada por todos os empregados de acordo con estes principios.

Gas Natural Fenosa compite no mercado de xeito leal, e non admite condutas enganosas, fraudulentas ou maliciosas que leven á compañía á obtención de vantaxes indebidas.

Todos os empregados do grupo deben actuar de forma íntegra cos clientes da compañía ou os seus clientes internos, tendo como obxectivo a consecución dos máis altos niveis de calidade, a excelencia na prestación do servizo e o desenvolvemento a longo prazo dunhas relacións baseadas na confianza e no respecto mutuo.

A información ou asesoramento que se lle proporcione aos clientes será sempre suficiente, veraz, oportuna e axeitada. Non se lles poderán facilitar baixo ningún concepto aos clientes informacións equívocas, ambiguas ou pouco rigorosas que os poidan inducir a erro ou a tomar decisións equivocadas.

4.13.

Relacións cos accionistas

O propósito de Gas Natural Fenosa é a creación continua de valor para os seus accionistas, polo que se compromete a proporcionar información obxectiva, transparente, axeitada e oportuna sobre a evolución da compañía e baixo condicións de igualdade para todos os seus accionistas. De igual xeito, Gas Natural Fenosa comprométese a desenvolver as bases necesarias para a participación dos seus accionistas nas decisións que lles corresponden.

4.14.

Relacións con empresas colaboradoras e provedores

Gas Natural Fenosa considera aos seus provedores e empresas colaboradoras parte indispensable para a consecución dos seus obxectivos de crecemento e de mellora da calidade do servizo, buscando establecer con eles relacións baseadas na confianza e no beneficio mutuo.

Gas Natural Fenosa asume o compromiso de promover entre os seus provedores e colaboradores externos, sen prexuízo do cumprimento das condicións contractuais, e baixo a premisa do respecto á facultade de xestión, prácticas acordes coas pautas de conduta incluídas neste Código Ético.

Cando as circunstancias o aconsellen, a compañía poderá requiririlles aos seus provedores e empresas colaboradoras o compromiso de facer súas e cumprir expresamente coas disposicións deste Código.

Todos os empregados do grupo que participen en procesos de selección de provedores e colaboradores externos, teñen a obriga de actuar con imparcialidade e obxectividade, aplicando criterios transparentes e cumprindo, estritamente e sen excepcións, coa normativa interna na materia, incluído o procedemento de Due Diligence de contraparte, o cal analiza e avalía o risco de operacións con terceiros, criterios de calidade e custo e evitando a colisión dos seus intereses persoais cos da compañía.

Así mesmo, Gas Natural Fenosa ofrécelles aos seus contratistas, provedores e colaboradores externos a posibilidade de dirixirse confidencialmente, de boa fe e sen temor a represalias, á Comisión do Código Ético cando entendan que as prácticas dos empregados do grupo non son conformes co que se establece neste Código.

Os acordos establecidos entre Gas Natural Fenosa e os seus provedores ou empresas colaboradoras inclúen cláusulas en relación co cumprimento de determinados estándares éticos, sociais e ambientais.

4.15.

Respecto ao ambiente

A preservación do ambiente é un dos principios básicos de actuación de Gas Natural Fenosa. Consecuentemente con isto, ten definida unha política e implantado un sistema de xestión ambiental.

Os empregados do grupo deben coñecer e asumir a devandita política e actuar en todo momento consonte aos criterios de respecto e sostibilidade que inspira, adoptar hábitos e condutas relacionados coas boas prácticas ambientais e contribuír positiva e eficazmente ao logro dos obxectivos establecidos.

Así mesmo, os empregados deben esforzarse en minimizar o impacto ambiental derivado das súas actividades e da utilización das instalacións, equipos e medios de traballo postos á súa disposición, procurando un uso eficiente dos mesmos.

Nas súas relacións con contratistas ou empresas colaboradoras externas, os empregados do grupo transmitirán estes principios e esixirán o cumprimento dos procedementos e requisitos ambientais que fosen aplicables en cada caso.

5.

Aceptación e cumprimento do Código

Este Código Ético é de obrigado cumprimento para todos os empregados de Gas Natural Fenosa e para aqueles terceiros que se comprometesen voluntariamente a cumprilo.

A compañía comunicará e difundirá entre todos os seus empregados, e entre aqueles terceiros para os que resulte relevante, o contido deste Código Ético. Os empregados deberán comprometerse formalmente co cumprimento do Código no momento no que causen alta na compañía, na novación dos seus contratos e naquelas outras circunstancias nas que a compañía o estime conveniente. Adicionalmente, a compañía requirirá periodicamente

aos seus administradores e aos seus empregados que manifesten formalmente que coñecen e cumpren as pautas de conduta que establece o Código e levará a cabo sesións de formación sobre os diferentes aspectos do Código.

Gas Natural Fenosa espera de todos os seus empregados un alto nivel de compromiso no cumprimento do seu Código Ético. Todos os empregados poderán ser avaliados en función do cumprimento deste Código. O seu incumprimento analizarase de acordo cos procedementos internos, a normativa legal e os convenios vixentes, e no seu caso aplicaranse as sancións procedentes.

Calquera dúbida que poida xurdir sobre a interpretación ou aplicación deste Código Ético deberá ser consultada co superior xerárquico, ou en caso necesario coa Comisión do Código Ético.

Ninguén, con independencia do seu nivel ou posición, está autorizado para solicitarlle a un empregado que contraveña o establecido no presente Código Ético. Ningún

empregado pode xustificar unha conduta impropia escudándose nunha orde superior ou no descoñecemento do presente Código.

Os incumprimentos do Código Ético poñen en risco a reputación de Gas Natural Fenosa e poderán comprometer a súa solidez. Por tal motivo, todos os empregados do grupo teñen a obriga de informar ao seu superior xerárquico ou á Comisión do Código Ético, de calquera incumprimento ou mala práctica que puidesen observar no desempeño das súas actividades profesionais.

Gas Natural Fenosa estableceu canles formais supervisadas pola Comisión do Código Ético, para que todos os seus empregados poidan realizar de boa fe e sen temor a represalias, consultas ou comunicacións de incumprimentos do establecido neste Código.

6.

Comisión do Código Ético

A Comisión do Código Ético é un órgano de consulta e recomendación que ten por finalidade:

- Fomentar a difusión, o coñecemento e o cumprimento do Código Ético.
- Interpretar o Código Ético e orientar as actuacións en caso de dúbida.
- Facilitar a resolución de conflitos relacionados coa aplicación do Código Ético.
- Facilitar e xestionar unha vía de comunicación a todos os empregados, provedores e empresas colaboradoras para a realización de boa fe e sen temor a represalias de consultas ou comunicacións de incumprimentos do Código Ético ou de calquera outra información relacionada.

- Realizar informes aos Órganos de Goberno de Gas Natural Fenosa acerca da difusión e cumprimento do Código Ético, así como das actividades da propia Comisión, elaborando recomendacións ou propostas oportunas para mantelo actualizado, mellorar o seu contido e facilitar a aplicación daqueles aspectos que requiran unha especial consideración.

A Comisión estará formada por seis membros designados polo Comité de Dirección, que elixirán entre eles ao presidente da mesma.

Naqueles países nos que estea presente Gas Natural Fenosa valorarase a posibilidade de constituír Comisións Locais, que desenvolverán as mesmas funcións que a Comisión do Código Ético nos seus respectivos ámbitos. As Comisións Locais reportarán á Comisión do Código Ético.

A Comisión elevará as súas propostas á aprobación do Comité de Dirección.

7.

Vixencia

O Código Ético entra en vigor no día da súa publicación a todos os seus empregados e estará vixente en tanto non se aprobe a súa anulación. Será revisado e actualizado periodicamente polo Comité de Dirección, a proposta da Comisión do Código Ético, que terá en conta para isto as suxestións e propostas que realicen os empregados e os compromisos adquiridos por Gas Natural Fenosa en materia de responsabilidade social e bo goberno.

As aprobacións definitivas de cada unha das actuacións do Código Ético serán realizadas polo Consello de Administración de Gas Natural SDG, S.A.

Aprobado polo Consello de Administración en sesión celebrada o 31 de marzo de 2005 e modificado nas sesións do 25 de xaneiro de 2008, 27 de febreiro de 2009, 19 de maio de 2009 e 27 de xuño de 2014.

Anexo.

Pacto Mundial das Nacións Unidas



Red Pacto Mundial España
WE SUPPORT

Principios Universais nos ámbitos dos dereitos humanos, normas laborais e ambiente.

Dereitos humanos:

1. Apoiar e respectar a protección dos dereitos humanos fundamentais, recoñecidos internacionalmente, dentro do seu ámbito de influencia.
2. Asegurarse de que non son cómplices na vulneración dos dereitos humanos.

Dereitos laborais:

3. Apoiar a liberdade de afiliación e o recoñecemento efectivo do dereito á negociación colectiva.
4. Apoiar a eliminación de toda forma de traballo forzoso ou realizado baixo coacción.
5. Apoiar a erradicación do traballo infantil.
6. Apoiar a abolición das prácticas discriminatorias no emprego e a ocupación.

Ambiente:

7. Dar apoio a unha aproximación de precaución en relación cos retos ambientais. As empresas deberían apoiar un enfoque preventivo fronte os retos ambientais.
8. Fomentar iniciativas que promovan unha maior responsabilidade ambiental.
9. Favorecer o desenvolvemento e a difusión de tecnoloxías respectuosas co ambiente.

Corrupción:

10. As empresas deben traballar contra a corrupción en todas as súas formas, incluídas a extorsión e o suborno.



www.gasnaturalfenosa.com